




Sempre estiven seguro de que eu era un descendente de Cristovo Colón: dende pequeno tivera uns estranos sonos... . Cada noite tiña unha parte dunha historia que continuaba...



# Os nosos pequenos escritores e debuxantes

I



Asociación Cultural Danzadeira

Cela

## **Limiár**

Dende hai xa unha longa década, a asociación cultural Danzadeira diversificou o labor coa pretensión de acoller actividades que fomentasen o uso da lingua galega escrita entre os más novos. Dese esforzo é esta primeira entrega que baixo o título de “Os nosos pequenos escritores e debuxantes I” pretendemos achegar a todos.

Estamos convencidos de sermos un alento máis para que a lingua e a ilustración poidan reflectir a realidade, a inventen ou a transgredan creando un universo propio cheo de ilusións, soños, desexos... Os autores crean e os lectores acceden a un mundo que os ensina, asusta ou fascina. Adentrámonos na literatura.

Queremos recoñecer explícitamente ó colectivo de mestres e mestras que ó longo destes anos desenvolveron o seu traballo na parroquia, que comprenderon e colaboraron no desenvolvemento do certame, ós diferentes membros do xurado que dedicaron o seu tempo e esforzo á celebración de dez anos das Letras Galegas e ós pais, nais, avós e avoas que agantaron as preguntas dos pequenos.

Moitos dos que foron participando nas diferentes convocatorias de relatos e debuxos son xa adultos con diferentes responsabilidades ós que os achegou a vida, outros son estudiantes universitarios ou de secundaria que con alento e ilusión labran un porvir mellor.

*Un sentido recordo para os que participaron e xa non camiñan ó noso lado, na súa memoria se fai a publicación.*

*Cela, verán do 2002*

*Asociación Cultural Danzadeira*

## CANDO ERA PEQUENO

Cando era pequeno meu avó contoume unha historia:

En Cela un día houbo unha guerra e o Estado déralles pistolas e escopetas ós homes.

A meu tío, que é vello, disparáronlle nunha perna e tivo que ir ó hospital. Estivo moi maliño.

Cando saíu do hospital tivo que andar con muletas e áinda hoxe anda con elas. Ten unha perna más grande ca outra. O seu nome é Padín.

Sempre que vou á súa casa cóntamne a mesma historia.

A min gústame moito,  
e espero que  
vos gustase  
moito esta  
historia a vós.



Adrián Carballo Rodas.Curso 3º.1993.

## TEMOS EN CELA

Temos en Cela unha igrexa de arte románica feita no século XII. Nela celébranse as festas más importantes: a festa de Corpus, a Patrona, San Roque; pero a principal é a da Xuventude de Cela.

Na festa da Xuventude, pola tarde, repártese viño ós asistentes, o viño tinto femia colleitado na parroquia. O viño tinto femia está considerado o mellor do Morrazo.

Os muíños de Cela son moi antigos. Neles moíase o millo áinda hai poucos anos.

Na antigüidade, contábame a miña avoa, que sementaban o liño e despois cando estaba maduro cortábase e poñíase a secar, batíase cuns macicos nunha pedra do Sistro e poñíase a cocer nuns grandes potes de ferro. Collíanse as meadas do liño para espadelar, logo collíanse as meadas para fiar. Do liño facíase a roupa, sabas, camisas,..

Xuntábase a xente na casa de Ríos, alí divertíase a mocidade.



Delia Vázquez Estévez.4º curso.1993.

## UNHA OLLADA Ó NOSO

Cela pertence ó concello de Bueu e está situada entre as parroquias de Bueu e Ardán. Por ela pasa a estrada comarcal 550 de Cangas a Pontevedra.

Na miña parroquia hai zonas montañosas como Chans, Sistro e Ermelo. Tamén hai unha zona baixa formada polas praias de Lapamán, Muíño Vello, a Coviña, Portomaior e Agrelo. A parroquia está atravesada polo río da Miranda no que antes había moitas troitas e moitos muíños.

A igrexa está situada no alto, é de pedra, non é moi grande pero din que é moi antiga, pois ten uns nove séculos.

Nunha zona de Cela que se chama o Torrón hai unha pequena capela na que se celebra a festa da Virxe do Portal. Tamén en Ermelo hai outra capela pequena na que se celebra unha romería o 25 de xullo: a romaría de Santiago de Ermelo. Nese mesmo sitio hai unha enorme cruz de pedra dende onde pode mirarse algo de Vigo, as illas Cíes e case todo Bueu. Esta cruz serve para dividir Cela de Moaña.


En Cela gústannos moito as festas e ademais das que dixen antes, tamén celebramos a de Corpus, con preciosas alfombras que facemos con flores; a festa dos Mozos e a do Carme celebrámolas no verán con

foguetes, procesións e verbenas. Dende hai poucos anos celébrase a festa do Churrasco no lugar de Resille.

Polo medio da miña parroquia atopámonos con moitos hórreos, muíños e algúns cruceiros. Se imos a Chans vemos un lago de regadío, o de San Lourenzo. No monte do Sistro hai un campo de deportes pequeno.

A industria é pouca, só unha panadería, un aserradeiro de madeiras, unha farmacia, un hotel de dúas estrelas na praia de Agrelo e algúns bares e tendas pequenas. Por iso a maioría dos homes adícanse á pesca e as mulleres traballan na casa e nas fincas, outras poucas na fábrica de conservas que hai en Bueu. Os nenos case todos estudian no colexiio de E.X.B. que temos, despois van ó instituto ou a formación profesional a Bueu.

A min gustaríame que a miña parroquia tivera unha pista de deportes máis grande, unha biblioteca pública e un posto de vixiancia forestal, pero coido que polo de agora vai ser imposible.



Alejandro Cobas.5ºcurso.1993.

## OS LABORES EN CELA

Gústame moito a cor de Cela e se me deran a elixir entre Cela e Bueu, escollería Cela, porque en Bueu non hai paisaxe verde. Cela non ten falta deste color.

As casas de Cela son máis ben baixas e no verán vén moita xente a disfrutar.

Dende un monte alto mírase Cela moi fermosa e se se mira ó atardecer dende unha praia no verán, quedas un pouco impresionada, porque o ceo está laranxa; parece coma se fose unha fogueira que arde forte no ceo.

Os días que chove, son días nos que Cela está un pouco fea.

Os traballos de Cela fanse cada ano máis ou menos no mesmo tempo:




No xaneiro pódanse as viñas, no mes de febreiro átanse, en marzo seméntanse as patacas, en maio lábrase, no mes de xullo cóllense as patacas, en setembro é a vendima e no mes de outubro cóllese o millo.

Celsa González Ogando 6º.1993.

## UN MARCO INCOMPARABLE

Cela pertence á vila de Bueu e nun marco incomparable entre o monte de Chans e a praia de Portomaior atópase a parroquia de Cela. Temos moitas cousas das que sentirnos orgullosos, sobre todo a súa igrexa románica do século XII, á que acoden moitas excursións e visitantes de tódalas partes, a admirar tó dolos gravados das súas pedras e o reloxo de sol.




A xente de Cela é moi sociable e traballadora, moi rara a casa que non traballe unha pequena finca e, sobre todo, as viñas nas que se colleita o finísimo Tinta Femia.

Por debaixo do monte do Sistro temos a famosa praia de Portomaior. A súa extraordinaria beleza natural levouna a conseguir da Comunidade Económica Europea a denominación da "bandeira azul". As súas augas son limpas e cristalinas nas que se pode ver infinidade de peixes, as algas, os penedos e sobre todo as súas dunas naturais que a fan ser unha marabilla. Tamén temos a capela de Ermelo que se adica á devoción do Santiago Apóstolo. Hai bastantes anos Cela pertencia a Ermelo, hoxendía é ó contrario, Ermelo pertence a Cela.

Contamos cun só pazo que é o do Pracer, chamado por todos a Casa Grande, consta dunha capeliña, unha

casa e un terreo enorme. Nesta capela unha vez ó ano faise unha misa adicada á Virxe do Portal. As festas que se celebran en Cela non son moitas, as más importantes: Corpus, A virxe do Portal, a Patrona, San Roque e a famosa Festa dos Mozos. Esta última quizais sexa a más importante, lévase facendo dende hai moitos anos, organízana os mozos de Cela, reparten viño e hai concursos.



É unha parroquia pequena na que só hai un colexiio, tamén somentes hai un cemiterio que agora está sendo ampliado, xa que non chegaba para cubrir as necesidades dos veciños.



Abonda a auga potable, en calquera sitio onde se profundice un pouco, xa se atopa. Conta con varios regatos nos que se atopan varios muíños, hoxe abandonados e en ruínas. Nestes regatos hai moitas mazanceiras e nogueiras, todos elas con donos, pero hai moita xente de fóra de Cela que ultimamente se adica a vir roubar os seus froitos.

Os galegos todos eles teñen moita morriña cando saen da terra; pero a xente de Cela quizais más que ningunha, e moi rara a xente que emigrou que non volveu á súa querida Cela.

Andrea Fernández Resille. 7ºcurso.1993.

## VEN A COÑECER O IGREXARIO

¡Ven!, ¡Amigo ven!, recorreremos a estrada que nos levará ó noso destiño. O primeiro que che chamará a atención será a perigosidade das súas curvas tan pechadas. Meterémonos así na chamada curva do Aghouso onde os alongados eucaliptos tapan a luz que poideramos recibir. Veremos baixar pola esquerda, coa súa vitalidade, o chamado río do Aghouso que se meterá por debaixo da estrada e seguirá o seu camiño entre os campos. Pasaremos tamén polo monte da Miranda que tantas veces recorrín cando o Igrexario era praticamente intransitable. Chegaremos así ó cemiterio, seguindo



a costa atoparémosnos coa famosa Igrexa do século XII, estilo románico, e se, querido amigo, eres amante da arte, alí atoparaste a gusto. Enfrente dela está o eirado cun enorme palco reconstruído pola xuventude do 1985. Todo rodeado dun ambiente moi tranquilo e silencioso. Este silencio soamente é roto coas badaladas do reloxo da igrexa e tamén os días de misa onde a xente se reúne.

¡Amigo meu!, se queres degustar un dos mellores viños que poidan baixar pola gorxa, pide un tinta femia que é o viño que se elabora aquí coa suor desta xente. Para elo chegaremos á taberna dos de "Entenza" onde se reúnen pola tarde noite os homes para falar dos seus contos; pero non só aquí dan tinta femia, se seguimos estrada arriba, pode ser que nos atopemos un home cunha panza prominente, baixo e moi rideiro, que sen coñecerte invitaráte a pasar á súa ádega. Este home é como un carballo, por eso así se chama.

¡Querido amigo! ¿Paráchete a ver as fermosas paisaxes que se che ofrecen por alí?. Se ergues a túa vista, contemplarás as calvas da pelaxe do monte de Chans, que antigamente era espesa, pero non deixa de ser moi fermoso. Se te pos en senso contrario verás ó lonxe a fermosura da ría de Pontevedra, onde as postas de sol son unha marabilla.

E da fala desta xente ¡que dicirche que non viras!: galego con seseo que ata soa cariñoso fronte á brusquidade da gheada...

E que dicirche da xente: pois como é unha aldea, vivimos do campo; todos saben o de todos, todos nos coñecemos, derivando disto as críticas e as envexas; pero deixémonos diso, que non vén aquí a conto.

¡Pois ben amigo, ata aquí chegou a nosa viaxe! ... e como di a panfletada:

"CELA, VEN A ELA".

Nati Parada 8ºcurso.1993.

**Ano 1995. Tema: A imaxinación non ten cancelas.**


## A ÁRBORE MÁXICA

Era unha vez unha árbore que facía maxia. Se era inverno para ela era verán e na primavera era outono para ela.

A árbore dixo:

- ¡Quen me dera ser persoa e non ser árbore!.

Despois dun mes pasaron nenos e nenas, e un que era máis pequeno que os demais díxolle:



- ¿Que lle pasa señora árbore? — preguntoulle Saúl.

E a árbore respondeulle:

- E que quería ser persoa e non pudo.
- ¿Cómo te chamas?
- A Árbore Máxica.

Saúl pensou, pensou e requetepensou ata que respondeu:

- Se eres árbore máxica di as túas palabras máxicas. E dixo as súas palabras máxicas e xa se convertiu en persoa.

Ángeles Vázquez Crujeiras. Curso 3º. 1995.

## MEU POBO

A xente do meu pobo é tranquila e simpática. Pola mañá, cando sae o sol e cantan os galos, tódolos rapaces nos levantamos e imos á escola. O noso pobo queda triste sen nós. No colexio facemos torneos de xadrez, onde ó



rematar dan medallas ós primeiros, segundos e terceiros clasificados.

Na igrexa un sorriente crego, o Sr. Don Víctor, tódolos sábados e domingos conta cousas sobre Xesús. É o que más lle gusta facer.

Chans, un monte de Cela atópase no Cabo de Arriba. No monte chove moito e, ás veces, ten nevado, cousa que aquí poucas veces ocorre.

A terra é cousa dos labregos e os labregos din: "se chove porque chove, se venta porque venta, se neva porque neva, se hai sol pois porque fai sol, e o final saen os mellores repolos". Todos teñen un pequeno anaco de terreo, preto ou alonxado da súa casa.

A xente do pobo será humilde, pero é a mellor xente. Así é o meu pobo: humilde inda que feliz.




Diego Cortizo García 4º Curso.1995.

## CLARA A VALENTE

Nun pobo chamado Pitón vivía unha nena a que lle chamaban Clara. Era unha nena de oito anos, roiba, de larga melena, ollos marróns e grandes, cara regordeta, alta e valente.

Clara vivía nunha granxa coa súa nai Lidia e o seu pai Xoán.

Un día, cando a nai de Clara estaba facendo a comida, chegou Clara e con cara de pilla díolle que quería ter un irmán. Ó cabo de dous anos Clara tivo un irmán que lle chamaron Antón. Clara estivera moi contenta porque tivera un irmán; pero cando o seu pai lle dixo que nacera coxo, Clara botouse a chorar.




Cando Antón e a nai chegaron do hospital, Clara viu que o seu irmán tiña unha perna más curta ca outra. A nena pensou para si mesma que se gañase algúns cartos podería curar ó seu irmán. O primeiro que fixo foi preguntarlle á súa nai se o seu irmán se podía curar; a nai díolle que si, pero que facían falta moitos cartos.

Como Clara tiña unha voz moi bonita, foise para o balcón da súa casa e empezou a cantar.

A xente sintiuse atraída por esa voz e foron cara á casa de Clara para ver quen cantaba. Cando Clara terminou de cantar a xente aplaudiulle moito e botáronlle moitos cartos.

A nena seguiu cantando e bailando durante moitos anos.


Clara xa xuntara os cartos, a súa nai e o seu pai levaron ó seu irmán a Estados Unidos para curalo. Ó cabo de dous meses o irmán xa estaba curado e Clara foi moi feliz.



Ana Isabel Tenorio Solla. 5º curso. 1995.

## EN BUSCA DA LIBERDADE

Conta a lenda que xa hai moitísimos anos, cando había moitas baleas nos océanos, un barco chamado Scalón foi facer unha viaxe ó Polo Sur coa idea de tomar algunha información sobre a vida naquel lugar tan frío.




Partiu do porto de Vigo ás sete trinta horas da mañá e emprendeu a viaxe. Era unha mañá moi fría; pero eles non lle tiñan medo ó mal tempo, xa estaban afeitos.

Levoulles uns días chegar alá; pero por fin xa se miraban os cumios de xeo das grandes montañas nevadas do Polo Sur. Os homes do buque Scalón estaban algo cansos da viaxe e saltaron do barco para dar unha volta. Alí respirábase unha grande calma, había focas, pingüíns, osos brancos...

De súpeto óese un ruído tremendo dun motor e os homes do buque agacháronse detrás dun iglú. O ruído pertencía a un barco baleeiro armado duns arpóns grandísimos dispostos a matar. Estiveron un pouco tempo agachados e cando o barco desapareceu, saíron.

Non podían crer o que viran: un barco que andaba na procura de baleas para asasinalas e, sen pensalo dúas veces, decidiron segui-lo barco asasino a ver onde ía.

Cando se foron achegando pararon os motores para non ser vistos. Apareceu de sócato unha gran balea por



diante do barco asasino. Este foi detrás dela e lanzoulle o arpón: a balea quedou ferida, lanzando uns tremendos berros de dor. Nese mesmo intre apareceu unha balea idéntica; pero desta vez un macho. Ó ver a balea ferida púxose coma un tolo. Comezou a erguerse unha tremenda maruxía, tanto que, os mariñeiros do Scalón estiveron a piques de dar volta, pero por sorte non foi así. Nem bargantes o outro barco si envorcou morrendo tódolos seus ocupantes.

Os mariñeiros do Scalón quedaron abraiados mirando aquel espectáculo: a balea macho arriscou a súa vida para salvar a da súa compañoira, que áinda que ferida logrou repoñerse. Os mariñeiro voltaron a España contando a súa historia que pasou de xeración en xeración; pero aquela imaxe que quedou gravada na mente dos mariñeiros non serviu de exemplo para os demás barcos asasinos que, áinda hoxendía, matan a eses pobres animais en perigo de extinción que, un día, desaparecerán.

Chari Lobeira Lobeira. Sexto curso. 1995.

## O MEU MUNDO

Tódalas persoas ven a parte negativa do mundo: as guerras, as drogas, as enfermidades, a contaminación, ... So queren que teñamos problemas.

Eu vexo o que eles ven, pero penso en solucións para todo iso. Penso nas cousas boas como os animais, os xogos, ...

Se hai contaminación penso que a xente debería coidar que non empeorase. Hai que coidar dos animais, das plantas e facer todo o que sexa necesario para coidar o medio ambiente.



Cando sexa maior marcharei para unha illa deserta, onde non haxa drogas, guerras, nin todas esas cousas. Será unha illa con toda clase de animais e prantas. Levarei ó meu can e a miña axenda, nela escriberei como sería o mundo sen guerras para que a xente fose máis pacífica e como é todo sen drogas para que ningúén se meta nelas. Así será o mundo que sempre quisen.


Aínda que todo isto non sexa posible é igual. Cando unha persoa diga que hai moitas guerras, ti recórdalle tódalas cousas boas que tamén hai, así cambiará de humor. Así a xente será máis positiva.

Polo momento terei que agardar a que isto suceda.

Celsa González Ogando. 8º curso. 1995.

## DESCUBRIMENTO DE AMÉRICA

Sempre estiven seguro de que eu era un descendente de Cristovo Colón: dende pequeno tivera uns estranos soños nos que... ben, logo volo contarei.



Cada noite tiña unha parte dunha historia que continuaba noite tras noite. Recordo, do meu primeiro soño, que un home –do que posteriormente descubriría que era meu pai- chamábase dende o alto dun mastro. Tiña doce anos e estaba nun barco que cruzaba o Mediterráneo. O que non me gustou foi que non era un cruceiro, senón un barco de comercio, no que soamente era un mariñeiro.

Uns soños más tarde estaba en Lisboa. Xa tiña 28 anos, estaba enterrado nunha chea de mapas e libros de viaxe e, nesa mesma cidade, vía rexeitada unha proposta ó rei de Portugal.

A raíz disto poucos anos dispois marcho para España, lugar no que non me reciben moi ben. Expúxenlle a mesma proposta ós reis españoles que, co desacordo do rei Fernando, aceptaría a raíña Isabel.

Aí foi onde me dei conta: era Cristovo Colón, o descubridor de América.

Púxenme en marcha, busquei información sobre dito descubrimento e a vida de Colón. Dende ese momento, coñecía os meus soños; era como unha película antiga. Entón decidinme: ía cambiar a historia. Fun esperando os momentos dos soños que, polo que eu sabía, ían traerme consecuencias negativas. Por exemplo:

- Ó longo da viaxe non fun tan egoísta, e dinlle un groliño máis de ron ós mariñeiros para que non se amotinaran.
- Non fun tan mal gobernante nas miñas terras de América, co que conseguín uns anos máis de poder, os que aproveitei moito.
- Así Cristovo Colón viviu dez anos máis e foi, ata a súa morte, un home respectado.

Mala sorte foi que, a historia, soamente cambiou nos meus soños.



Rubén Bastón Meira. 7º curso. 1995

## Ano 1996. Tema: Ultimamente non cantan os paxaros: ¡Vivo nun mundo contaminado?

### OS PAXAROS NON CANTAN

Vivimos nun mundo contaminado

os paxaros non cantan.

¿Será por que están enfadados ?

¿será por que non queren cantar ?

¿será por que están tristes ?,

¿por que será?

Os ríos,as praias

están cheos de *basura*

que bota a xente con cara dura

emporcan todo

e todo o contaminan:

moitos paxaros, peixes e animais  
morren por causa da suciedade.


As mulleres e os homes

moito poden facer

para cuidar a terra

e deixarnos crecer.

SE TIRADES  
O LIXO EN  
CALQUERA  
LUGAR,  
NÓS, NON  
PODEREMOS  
VOAR.



Daniel Loira Pouseu.1996.3º curso de Primaria.

### UN MUNDO MÁIS LIMPO.

Si, creo que todos vivimos nun mundo contaminado.

O home ten que cortar árbores porque lle é necesario, pero ó mesmo tempo está quitándolle un fogar a un paxaro.


O home ten que facer estradas, facer canteiras, facer encoros e así o home está causando moito dano á natureza.

Os obreiros das fábricas é necesario que traballen pero todo o lixo vai ó mar e o fume das fábricas está saíndo todo para o ceo.

Os presidentes xa falaron moito, pero non dan acordado que facer, e as fábricas e industrias seguen contaminando.

Os nenos e nenas son os más importantes porque eles teñen que aprender que se hai que facer unha estrada teñen que mirar por donde fai o menos dano posible; e aprender a non contaminar e así viviremos nun mundo máis limpo.

María do Carme Gómez Jorge.4ºcurso.1996.



Debuxo  
de Sarai  
Gómez  
Juncal.  
5anos.  
1996.

## A DESAPARICIÓN DOS PAXAROS

Os paxaros eran moitos  
sempre andaban en montóns  
pero cada vez hai menos  
pola contaminación.

Os bosques están moi tristes  
ó non ter esa canción  
tan alegre e tan bonita  
que lle daban os gorrións.

Os paporrubios agora  
non nos cantan ese son  
que nos gustaba a todos  
e alegraba os corazóns.

Gustaríame pedirvos  
que teñades compaixón  
que cuidede-los paxaros  
! Non máis, contaminación !.

Andrea Carballo Cabodevila.5ºcurso.1996



Debuxo de  
Jorge  
Menduiña  
Lebrero.  
4 anos.  
curso1996.

## NO MUNDO DE HOXE

Hoxe en día os fumes, os automóbiles, as fábricas e toda caste de contaminantes son os culpables da morte de moitos seres vivos. As persoas en vez de inventos que eviten a contaminación, fan o que destrúe. Hai anos un petroleiro (Mar Exeo) chocou contra unhas rochas da Coruña e os animais da zona áinda sufren as consecuencias.

Os fumes provocan chuvias ácidas que o destrúen todo. Na antigüidade os exipcios , os gregos , os romanos e outras persoas facían cousas moi fermosas e sen contaminar; mentres que nós para facer unha chabola xa temos que utilizar excavadoras, formigoneiras .

Cando fun a Madrid había tanta contaminación que por moita claridade que houbera non se miraba o sol.

Por culpa da contaminación xa hai un burato na capa de ozono que está desxeando a Antártida e se segue en aumento a raza humana desaparecerá.

Se non queres contaminar non utilices "flises", non tires verquidos ó mar e loita contra as fábricas contaminantes.

A maioría das persoas usa o que contamina. Cando vayas á tenda compra cousas que poñan "Protexe a capa de ozono" .

Francisco Piñeiro Fazanes.6ºcurso.1996.



Debuxo de Víctor Gallego.2ºcurso.1996

## OS PAXAROS NON CANTAN COA MESMA LEDICIA


Que bonita é a primavera,  
que bonita está.

Coas pradeiras cheas de flores  
e os paxaros a cantar.

O problema do mundo é a contaminación  
porque os paxaros tan alegres  
nunca cantarán a mesma canción.

A xente corta as árbores  
destrúen moitos niños  
e os paxaros tan indefensos  
non poden coidar os seus poliños.

Os paxaros non poden comer  
os paxaros non poden beber  
porque a xente contamina todo  
sen ter un porqué.



Damián Malvido Pena. 7ºcurso.1996.

## NOVE DA MAÑÁ, TODO É PERFECTO,...

Sentado na praia, en contacto coa area, co aire, co mar, coa natureza; ¿que máis se pode pedir?

O sol sae e o seu esplendor comeza a achegarse a min. Miro o mar, tranquilo, sosegado, e, como as estrelas nunha noite de lúa chea, nel vaga un banco de peixes, tamén tranquilos pois ningún barco hai a vista.

O vento, escondido tras unhas rochas, dorme baixo a calor que xa transmite o sol. Non me decatara pero non cantan os paxaros. Neste intre síntome frustrado; comezo a ver nese mar tan inocente, unha longa e mugrenta mancha branca, os peixes foxen e rómpese a paz. Nese ceo tan puro, comenzañ a aparecer ringleiras verticais dun fume escuro, armado de malas intencións que alcanza ó astro rei e rétao a morte; sae victorioso ese maldito fume e faise a escuridade. Desperta o vento, que trae consigo un penetrante fedor.

Marcho para casa triste e pensativo. Chego e exclamo:

-¡ Que intelixentes son os paxaros!... renunciaron ós brazos polas máxicas ás, ó pelo polas preciosas plumas, as pernas polas graciosas patas e, a unha boca contaminante, que nega selo, por un peteiro anxelical que sabe cando piar e canta-las mil marabillas e cando pecha-lo peteiro e a porta do niño á contaminación.

## Ano 1996. Tema: Aqueles marabillosos recordos.

### UN EXEMPLO DE AMIZADE

Esta historia transcorreu hai moito tempo; eu tería seis ou sete anos. É o meu recordo preferido, porque penso que é un verdadeiro exemplo de amizade entre dúas persoas.

Todo isto pasou no verán, concretamente en xullo. Estaba na casa de campo dun curmán meu; era unha casa pequena, vella, que se atopaba no medio dun extenso prado verde e fermoso. Estaba alí soa pensando nas vacacións, na escola, xa que iría para primeiro, cando de súpeto escoito un chío, non de can nin de ningún animal, doutro estilo parecía dunha persoa.


Efectivamente, era unha rapaza que ía correndo coma se escapase dalguén ou dalgo; dirixíase cara min berrando e dicindo que a axudasen porque a perseguía un can (que para a nosa idade era un can xigante).

Cando conseguiu acercarse a min, collina da man e leveina para dentro da casa, estivemos alí como unha hora e media, máis ou menos, ata que o can marchou.

Alí dentro falamos e contámonos toda clase de confidencias, que nos poucos anos de vida que tiñamos recorridos era pouco. Chamábbase Xulia, era loura, delgadiña e non paraba de falar, vivía en Aranda un pobiño de Valencia, e viña pasa-las vacacións cos seus pais. Despois despedímonos e marchamos cada unha para a súa casa. Así nos coñecimos.

Dous días máis tarde de que ocorrera todo isto volvémonos atopar, pero esta vez non a perseguía un can. Atopeina na praia onde estivemos a falar, a nadar un pouquiño -pois non tiñamos moita experiencia niso- a facer castelos e a xogar. De aí en diante non había día que non estiveramos xuntas, ata que estando a xogar á pelota na estrada veu un coche tan rápido que case non nos dá tempo nin a miralo e iso provocou que Xulia me empuxara cara a cuneta para que non me atropelase o coche. E así foi, non me atropelou pero a ela si. Deu a súa vida por min, para que non fose atropelada, non lle importaba o que lle pasase. Así foi, rompeu un brazo e unha perna; entón ía visitala coma unha boa amiga, cando me levaban e cando podía, ata que me caín polos escalóns e rompín unha perna tamén. Era coma se Xulia e eu estivesemos unidas e nos pasase o mesmo coma se fosemos xemelgas.

De aí en diante pasámo-la metade do mes de agosto sen poder ir á praia, pero así nós uidemos falar. Un día



contoume que lle morrera un amigo dos seus pais e tería que marcharse; teríamos que despedirmos e iso non nos gustaría que pasase. Entón fixen todo o que puiden para que Xulia puidese quedar conmigo aquí, e así foi, os meus pais puidéronse arreglar para meter a Xulia na nosa casa.

Ós tres días chegaron os seus pais que viñeron para agradecernos que lle coidarámo-la súa filla cando eles estiveron nese estado, pero tamén nos viñan dicir que se marcharían en dous días. Estes dous días aproveitámos totalmente; pero chegou a hora final, iámonos separar despois de estar todo o verán xuntas; ata había días que durmiamos xuntas por non separarmos. Agora podería se-la última vez que nos volveríamos mirar. Por ese momento eu regaleille a miña pulseira preferida e ela deume o seu anel. Estes serían os símbolos da nosa amizade, inda que os símbolos más representativos son os nosos recordos. Pero non acabou aquí, Xulia invitoume a pasa-las vacacións de Nadal a Valencia, eu inviteina a pasa-lo verán; así sucesivamente.

Este é o meu recordo máis preciado, a amizade con Xulia foi un gran exemplo para face-la miña vida real cos meus amigos, e digo o de vida real porque todo isto foi un soño inesquecible.

Non lles dixen que era un soño porque se non, non lle farían o caso e a ilusión que me fai a min. Este recordo tivo para min un efecto moi bo, e espero que toda a xente tivera esa experiencia que eu vivín ainda que non fose real, para comprenderlo verdadeiro símbolo da amizade.

Lorena Rey Juncal 8º curso.1997.

## UNS DÍAS ANTES DE QUE MEU PAI SAÍRA Ó MAR,...

... Estaba tódolos días con el. Polas mañás ía a súa habitación e metíame na súa cama e xogabamos a dar patadas e a pelexar.


Despois cando nos levantabamos íamos almorzar e logo a casa da miña avoa. Alí xogaba mentres meu pai se sentaba e tomaba algo, máis tarde marchabamos e falabamos de cousas no coche. Ó chegar a casa íamos buscar á miña nai e ó meu irmán e, de paseo. Comiamos nun restaurante e eu pedía o que quería.

Cando acababamos de comer íamos ás festas e ó chegar a casa, cando era de noite, meu pai deitábame e contábame contos, xa que soamente tiña tres anos.

Á mañá seguinte foi para o mar. Un día sonou o teléfono e miña nai púxose moi nerviosa e colgou. Ó día seguinte volveron chamar a miña nai e emocionouse tanto que botou a chorar. Ó día seguinte fómolo buscar e miña nai ó miralo emocionouse e empezou a chorar. Ó miralo agarrouse a el. Empecei a chorar.

Fomos para a casa, miña nai e o meu pai foron á festa e eu quedei coa miña avoa.

Noelia Ríos Iglesias.1ºESO.1997.



Debuxo de Diana Bernárdez Moldes.2º curso 1997.

## SENTADO Ó CARÓN DA FIESTRA

Vendo como a auga da choiva cubre os pequenos charcos, e escoitando a dozura da auga cando cae, ¡chof!, ¡chof!. Comenzo a lembrarme daqueles marabillosos recordos, todos eles tan cheos de ledicia, simpatía e ignorancia todo nun tempo; recordos dunha parte da miña infancia na que áinda sigo.

Estou recordando a chegada da noite de Reis cando ía todo cheo de ilusión para a cama agardando a chegada dos Reis Magos, crendo que existían. Unha ignorancia tan fermosa que agora poste a pensar e bótala en falta. Tamén recordo unha cousa moi divertida: cada vez que me caía un dente poñío debaixo da almofada para que o rato Pérez me deixara cartos. Cría que ós nenos os traía unha cigoña de París. Poste a pensar e eran tantas as cousas que ignorabas e que pouco a pouco vas descubrindo.

Levanteime do carón da fiestra e fun ó faiado da miña casa, abrín o baúl todo cheo de po, para recordar aquelas cousas que agora xa non preciso como a bicicleta de patíns, os cocheciños, os contos de Carapuchiña Vermella, O Patiño Feo, e Os Tres Porquiños...

Remexendo atopei a roupa de cando tiña tres e catro anos; fíxome tanta gracia que estiven un bo cacho rindo, cando de súpeto sinto a voz da miña nai "¡Camilo!, ¡Camilo!, baixa que xa é hora de ir ó colexió".

E moi apresa pechei o baúl no que gardo os meus marabillosos recordos.

Camilo Parada Ave. 6º curso 1997.

## CANDO NACEU MEU IRMMÁN

O recorde máis marabiloso que tiven ata hoxe foi cando naceu meu irmán: Era tan pequenijo e tan bonito que sempre estaba con el. Dáballe o biberón e cambiáballe os cueiros, el portábase moi ben comigo. Cando o bautizamos estaba moi guapo, e xa pesaba bastante.

Cando comezou a andar deu moitos potes pero sen importancia: xogaba moito comigo.

Despois, cando se fixo maior, xogaba á pelota, e sobre todo, encantáballe desordenarme a miña habitación.

Agora xa ten dous anos e é moi traveso, gústanlle as galiñas, sobre todo darrle de comer. Tamén me pega e morde.

Xa vai ir á escola; tódolos días, cando vou á escola, el, quere vir comigo.


Bueno, con isto remato o que vos ía contar de meu irmán.

Lucía Bernárdez Martínez 5º curso. 1997.

## UN LUNS FESTIVO DE 1996

Ese luns fun pescar co meu avó nun barco que ten el, que se chama "Rebeca".

Había moitas ondas pero non tiña medo. Pesquei un



Debuxo de Noemí Portela Besada.4 anos.1997.

serrán, un polbo e unha faneca. Ó ver que non picaban máis fómonos ó penedo para mirar si picaban alí; só collemos un serrán, así que como xa era hora, fómonos para casa.

Meu avó fritiu o peixe e comémolo todos xuntos; o polbo quedou para outro día.

Como xa estaba moi canso fun descansar despois de pasar un día moi bonito.

José Ángel Vilas López.4º curso. 1997.

## A MIÑA IRMÁ

¡Hola! chámome Marina, teño seis irmáns e a un non o coñezo.

A unha irmá coñecina hai pouco. Contareivos como:

Un día, o marido da miña irmá veunos axudar a pinta-la casa. Con el viñeron a miña irmá e as miñas sobriñas, unha de nove anos e outra moi pequena. Eu estaba facendo os deberes e saín un momento fóra. Entón miña irmá díolle á súa filla:

-Mira, esa é a túa tía.

Entón eu pensei:

-¿Será esa a miña irmá?

De repente abrazámonos e falamos de cousas, ¡xa sabedes!, cousas da familia.

Aquel día para min foi o mellor.

Marina Acuña Loira. 3º curso.1997.